

UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA

LIBRO POP-UP

Texto e ilustracións de **ERIC CARLE**

Tradución de **PILAR MARTÍNEZ** e **CHEMA HERAS**

Encadernado en cartón con páxinas despregables.

23 x 16,5 cm. 16 páx. 19,50 €

Unha eiruga moi larpeira. Libro pop-up (galego)

ISBN 978-84-1343-338-7. Prelecturas. Acartonados.

A lagartinha muito comilona. Livro pop-up (português)

ISBN 978-8989-749-191-7. Pré-leituras. Cartonados.

Á luz da Lúa, un ovo diminuto repousaba sobre unha folla.

Un domingo pola mañá, cando o Sol comezaba a queutar:

PLOP!... do ovo saíu unha eiruga pequerrecha e moi larpeira...


Percorrendo as páxinas perforadas deste libro despregable, unha pequena eiruga devora canto atopa ata tecer o seu casulo.

Dende un ovo diminuto que destaca sobre unha folla na escuridade da noite ata a fermosa e colorida transformación da protagonista, moitas cousas lle acontecen a «Unha eiruga moi larpeira». Durante toda unha semana, acompañámola no seu crecemento: nos primeiros días, rillando deliciosas e coloridas froitas; logo, dándose un festín de lambetadas que se lle indixestan; e finalmente, tomando un petisco vexetal antes de converterse nunha enorme eiruga para tecer o casulo onde, durante dúas semanas máis, experimentará o seu gran cambio físico.

Velaquí unha completa lectura que aborda e nomea o paso do tempo (o día e a noite, os días da semana), os primeiros números, a diferenza de tamaños, a alimentación saudable, a natureza e o proceso da metamorfose...

Esta edición despregable ofrece unha lectura vistosa e atractiva pola diversidade de formas que adopta o papel para sorprender as nenas e os nenos máis cativos: siluetas que sobresaen das páxinas, elementos extensibles que se pregan e despregan co movemento, lapelas interiores que abren e pechan, perforacións... sinxelas enxeñaría papirofléxica que engrandecen a historia desta obra tan emblemática coa súa inconfundible estética de colaxe, unha técnica na que Eric Carle foi especialista. Publicada por primeira vez en 1969, vendéronse máis de 50 millóns de exemplares, foi adaptada para a televisión e está traducida a máis de 60 linguas. Ademais de recibir o American Institute of Graphic Arts Award en 1970, foi premiada tamén en Inglaterra, Francia, Xapón, e figura nas listas máis prestixiosas dos mellores libros infantís. En 2020 foi incluída pola Biblioteca Pública de Nova York entre os dez éxitos de todos os tempos.

www.**kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** o crecemento dunha eiruga.
- **Idade recomendada:** dende 2 anos.
- **Aspectos destacables:** comida, alimentación saudable; tamaños, números, días da semana, paso do tempo; metamorfose, natureza, insectos; outras obras do autor: «[Soño de neve](#)», «[Amigos](#)», «[Queres xogar comigo?](#)», «[Un grilo moi silencioso](#)», «[Oso pardo, oso pardo, que ves aquí?](#)», «[Unha eiruga moi larpeira](#)», «[Da cabeza aos pés](#)» e «[A araña moi ocupada](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-eiruga-moi-larpeira-g>

Eric Carle

(Siracusa, Nova York, 1929 - Northampton, Massachusetts, 2021)

Autor de máis de 70 álbums, Eric Carle comezou a ilustrar libros en 1967, logo de traballar durante moitos anos como director de arte nunha axencia de publicidade. Estudou na prestixiosa escola de arte Akademie der Bildenden Künste, de Stuttgart, en Alemaña. Voltou a Norteamérica en 1952 cun portafolio e 40 dólares no peto, buscando unha oportunidade que lle chegou como deseñador gráfico para The New York Times. O primeiro libro da súa completa autoría foi «1,2,3, to the Zoo» (1968), ao que seguiu «The very hungry caterpillar». Foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil e Juvenil de Boloña, pola Asociación de Libreiros Infantís e pola Asociación Americana de Bibliotecas. Eric Carle ten dito: «Con moitos dos meus libros intento tender unha ponte entre o fogar e a escola. O paso do fogar á escola é o segundo maior trauma da nenez; o primeiro, por suposto, é nacer. En ambos os casos deixamos un lugar de calidez e protección por outro descoñecido. Creo que os nenos son creativos por natureza e capaces de aprender. Nos meus libros intento conter ese temor, reempazalo cunha mensaxe positiva. Quero amosarlles que aprender é fascinante e divertido».

<https://eric-carle.com>

